

**ACTA NUMERO DOCE CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2000.**

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as once horas e cinco minutos do día trinta e un de agosto de dous mil reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D<sup>a</sup> María Salomé Álvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D<sup>a</sup> María dos Anxos Riveiro Portela**, **D<sup>a</sup> María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D<sup>a</sup> María Josefa Manzanares Perela**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D<sup>a</sup> Sonia Rey Barros**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D<sup>a</sup> María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D<sup>a</sup> María Dolores Elvira de Ozámiz Lestón**, -exceptuando **D<sup>a</sup> María Salomé Álvarez Blanco** y **D. Enrique de la Peña Vieitez** que se incorporan unha vez resolto o punto 1) dos incluídos na orde do día-, non asistindo **D. Manuel Abeledo López** y **D. Celestino Lores Rosal**, estando presente a Sra. Viceinterventora, **D<sup>a</sup> María Herculina Domínguez Martín**, actuando como Secretario **D. Adolfo Castro Pérez**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

**ORDE DO DÍA**

**1.- PERSOAL: MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO LOCAL INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES, COA CREACIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO.**

Examinado o expediente tramitado para a modificación do cadro de persoal do organismo autónomo local "Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra" coa creación dun posto de traballo de Auxiliar Administrativo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior e Persoal, acorda aproba-la modificación do cadro de persoal do organismo autónomo local "Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra" creando un posto de traballo de Auxiliar administrativo, dotado das retribucións en contía similar ás deste tipo de persoal no Concello de Pontevedra, contando para os efectos con consignación orzamentaria, tramitando a modificación do cadro de persoal en forma regulamentaria con exposición pública no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de quince días hábiles e no suposto de

non producirse reclamacións durante dito prazo que se considere definitivamente aprobada a modificación do cadro de persoal do organismo autónomo local "Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

**Se incorporan a la sesión dona Salomé Álvarez Blanco y don Enrique de la Peña Vieitez.**

## **2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE SOLIDARIEDADE CON COLECTIVOS DE EMIGRANTES GALEGOS EN ARGENTINA E URUGUAY.**

A situación económica e social da colectividade de emigrantes galegos en América é, nestes momentos, difícil e desesperada.

En países como Uruguay e Arxentina, entre outros, onde os sistemas sanitarios e de saúde están en grave crise, a poboación emigrante máis débil economicamente e máis envellecida, están a ter unha serie de carencias importantes: imposibilidade de garantírselles a prestación médica-sanitaria, non teñen acceso aos medicamentos, non se lles garante unha pensión non contributiva, etc.

Polo anteriormente exposto, o Pleno da Corporación municipal de Pontevedra, por unanimidade, acorda amosa-la súa solidariedade coa colectividade de emigrantes máis desfavorecida acordando, ademais, dirixirse ao Goberno Galego e ao Goberno Español na demanda de solucións que palién a situación destes galegos e galegas que aportaron moito á economía do noso país.

## **3.- PATRIMONIO: CESIÓN GRATUÍTA TEMPORAL Á ASOCIACIÓN JUAN XXIII DO USO DE PARTE DUNHA PARCELA MUNICIPAL EN CAMPOLONGO, PARA REALIZAR CURSOS DE FORMACIÓN DO PLAN FIP E INICIATIVA EUROPEA "EQUAL".**

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio á cesión gratuítá temporal á Asociación Juan XXIII do uso de parte dunha parcela municipal en Campolongo, para realizar cursos de formación do Plan FIP e iniciativa europea.

Aberto o debate, intervén don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que isto en realidade é unha prórroga dunha concesión xa existente e simplemente vai facilitar que a Escola Juan XXIII poida realizar prácticas cos alumnos dentro de proxectos europeos, o cal é importante.

A continuación intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que evidentemente van a votar a favor, como ya lo hicieron en Comisión.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo nos termos seguintes:

Examinado el expediente para la cesión temporal del uso de parte de una parcela municipal a la Asociación Juan XXIII para la realización de cursos de formación , resultan relevantes

los siguientes

HECHOS:

1º.- El pleno de la Corporación en fecha 26.03.98 acordó ceder gratuitamente a la Asociación Juan XXIII, por un período de dos años el uso de 1.450 metros de superficie, que forma parte de la parcela de 3.450 m<sup>2</sup>, propiedad municipal situada en Campolongo, para la realización de un curso de viverismo y de reproducción de plantas destinado a la formación de personas discapacitadas, incluidas dentro de la iniciativa comunitaria de empleo Horizon.

En el acuerdo plenario se dispone que transcurrido el período de cesión el Ayuntamiento recuperará automáticamente la posesión del terreno sin necesidad de previa notificación.

2º.- Por resolución de la Alcaldía de 11 de mayo de 1998 se elevó a definitiva la cesión gratuita acordada por lo que el plazo de cesión finalizó el pasado mes de mayo.

3º.- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Fernández Cabaleiro, Presidenta de la Asociación Juan XXIII solicitó a este Ayuntamiento la renovación de la cesión del uso de 1.450 m<sup>2</sup>. de superficie, por un período lo más amplio posible, para la realización de los cursos del Plan Fip en la especialidad de jardinería, especialidad formativa para cuya homologación es necesario contar con el invernadero instalado en la finca cuya cesión se solicita. Así mismo, la Asociación va a participar en la iniciativa comunitaria del proyecto EQUAL, para lo que también es imprescindible contar con la finca, adjuntando memoria de todas las actividades desarrolladas por la asociación .

4º.- La porción de terreno cuya cesión se solicita forma parte de una parcela de 3.450 m<sup>2</sup>. que linda con la finca en la que se ubica el Centro creado por la Asociación Juan XXIII para la atención de discapacitados psíquicos. Esta parcela pertenece al Ayuntamiento de Pontevedra en virtud de la adjudicación con cargo al proyecto de compensación de la Unidad de Ejecución coincidente con el ámbito de la delimitación del Programa de Actuación Urbanística y Plan parcial que lo desarrolla correspondiente al suelo urbanizable no programado B-4 Fonte Santa del vigente P.G.O.U., formalizado en escritura pública otorgada por D. Jorge Fontenla Coello, como Presidente de la Junta de Compensación de la Unidad de Ejecución, ante el Notario D. Eduardo Méndez Apenela en fecha 31 de enero de 1995, nº. de protocolo 472. Esta finca figura incluida en el Inventario Municipal de Bienes y Derechos como bien patrimonial, e inscrita en el Registro de la Propiedad en favor del Ayuntamiento de Pontevedra en el Tomo 1.205, Libro 561, Folio 163, finca nº. 48.445.

5º.- La Asociación Juan XXIII ha sido declarada la utilidad pública en virtud de acuerdo del Consejo de Ministros adoptado en su reunión del día 25 de junio de 1971, aportando la Asociación memoria demostrativa de que los fines que persigue redundan, de manera evidente y positiva, en beneficio de los habitantes del término municipal, recogiendo sus

Estatutos que su objeto es la educación y recuperación de todos cuantos niños padezcan anormalidades de carácter mental, así como los que sufran lesiones físicas que impidan un normal desarrollo.

6°.- El Teniente de Alcalde Delegado de Economía, Hacienda y Patrimonio estima conveniente que se acceda a lo solicitado, cediendo gratuitamente a esta Asociación el uso del terreno interesado por un período de dos años, para el desarrollo del programa formativo pretendido.

7°.- Por la Intervención General se señala que el art. 109.2 del Reglamento de Bienes prevé la cesión gratuita de bienes patrimoniales a Instituciones privadas de interés público sin ánimo de lucro, estableciendo el art. 110 del citado Reglamento la instrucción del expediente con arreglo a una serie de requisitos. Para el cumplimiento del principio por el cual la contabilidad tiene que reflejar la imagen fiel del patrimonio del ente local, deberá procederse a la correspondiente anotación contable, de acuerdo con lo que regula la Instrucción de Contabilidad para la Administración Local. De acuerdo con el art. 47 de la LRBRL es necesario el voto favorable del número legal de miembros de la Corporación para su aprobación.

8°.- El arquitecto municipal en fecha 23 de enero de 1997 informó que el precio de venta al público de las fincas de la urbanización es de 24.000 ptas./m<sup>2</sup> y que esta parcela no figura con un uso determinado en el vigente Plan Parcial del Polígono.

#### FUNDAMENTOS JURIDICOS:

I.- El artº. 92 del Reglamento de Bienes de las Entidades Locales dispone que "El arrendamiento y cualquier otra forma de cesión de uso de bienes patrimoniales de las Entidades Locales se regirá, en todo caso, en cuanto a su preparación por la normativa reguladora de Contratación de las Entidades Locales. Será necesaria la realización de subasta siempre que la duración de la cesión fuera superior a cinco años o el precio estipulado exceda del 5 por 100 de los recursos ordinarios del Presupuesto. En todo caso, el usuario habrá de satisfacer un canon no inferior al 6 por 100 del valor en venta de los bienes".

No obstante, teniendo en cuenta que el artº. 109-2 del citado Reglamento permite la cesión gratuita de bienes inmuebles patrimoniales a Entidades e Instituciones Públicas para fines que redunden en beneficio de los habitantes del término municipal, así como a las instituciones privadas de interés público sin ánimo de lucro, el Ayuntamiento puede ceder gratuitamente el uso de la porción de terreno en cuestión sin necesidad de que la entidad cesionaria satisfaga canon alguno, conforme al principio jurídico de que el puede lo más, puede lo menos, ya que si el Ayuntamiento puede ceder la propiedad del bien, con más razón puede ceder temporalmente su uso, manteniendo la nuda propiedad.

II.- El Reglamento de Bienes de las Corporaciones Locales

en su artº. 110 establece el procedimiento a seguir para la cesión gratuita de bienes, habiéndose dado cumplimiento a los requisitos exigidos en el mencionado cuerpo legal, que se estiman de aplicación por analogía.

III.- De conformidad con lo establecido en el artº. 110-2-f) del Reglamento de Bienes de las Corporaciones Locales, el expediente de cesión debe someterse a información pública por el plazo de QUINCE DÍAS, debiéndose publicar en el Boletín Oficial de la Provincia.

IV.- Si el terreno cedido no fuese destinado al uso para el que se cede o dejase de serlo antes de transcurrido el plazo por el que se cede, se considerará resuelta la cesión, revirtiendo de nuevo el uso al Ayuntamiento.

VI.- La competencia para la cesión gratuita de los terrenos corresponde al Pleno de la Corporación de conformidad con lo dispuesto en el artº. 22-11 de la Ley 7/85, Reguladora de las Bases del Régimen Local, modificada por la Ley 11/96, 50-14 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales y artº. 64-2-n) de la Ley 5/97 de Administración Local de Galicia, siendo necesario el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación, de conformidad con lo exigido en el artº. 110-1 del Reglamento de Bienes, 47.3.11 de la Ley 7/85 y artº. 215 de la Ley 5/97.

El Pleno de la Corporación, por unanimidad y de conformidad con el dictamen de la Comisión Informativa Permanente de Economía, Hacienda y Patrimonio, acuerda:

PRIMERO.- Ceder gratuitamente a la Asociación Juan XXIII, por un período de dos años, el uso de 1.450 m2. de superficie que forman parte de la parcela de 3.450 m2. de superficie, propiedad municipal, situada en Campolongo, que linda: Norte, calle perimetral norte; Sur, parcela 2.1 y equipamiento docente; Este, confluencia con la carretera Pontevedra-Figueirido y Oeste, calle interior letra B, para la realización de los cursos del Plan Fip en la especialidad de jardinería y en la iniciativa comunitaria del proyecto EQUAL.

SEGUNDO.- Los fines para los que se otorga esta cesión de uso deben cumplirse durante todo el periodo de la concesión, sujetándose a condición resolutoria expresa el cumplimiento exacto del fin y destino de la porción del terreno cuyo uso se cede, por lo que, en caso de incumplimiento, el Ayuntamiento recuperará la posesión del terreno. Asimismo, transcurrido el período por el que se cede el uso el Ayuntamiento recuperará automáticamente la posesión del terreno sin necesidad de previa notificación.

TERCERO.- La Asociación Juan XXIII es una Asociación privada, sin que por motivo de esta cesión quede en relación de dependencia alguna respecto al Ayuntamiento de Pontevedra, por lo que éste no se hace responsable, ni directa ni subsidiariamente, de los daños tanto personales como materiales o morales que puedan producirse con motivo de las actividades desarrolladas en el terreno, cuyo uso se cede.

CUARTO.- Someter el expediente a información pública por el plazo de QUINCE DIAS HABILES, mediante inserción de anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia a efectos de su examen y reclamaciones, y elevándose a definitivo el acuerdo de cesión en el supuesto de que no se formule reclamación alguna, mediante resolución de la Alcaldía.

QUINTO.- Se procederá a la correspondiente anotación contable, de acuerdo con lo que regula la Instrucción de Contabilidad para la Administración Local.

**4.- QUITA E ESPERA: CONVENIO COA ENTIDADE PONTEVEDRA CLUB DE FÚTBOL NO PROCEDEMENTO DE QUITA E ESPERA NÚMERO 183/2000.**

Dáse conta do dictame favorable por unanimidade da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio ó convenio coa entidade Pontevedra Club de Fútbol no procedemento de quita e espera número 183/2000.

Aberto o debate, intervén don Manuel Xesús Fontán Bouzas, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, para explicar os puntos concretos do convenio da quita, dicindo que esta quita establece unha eliminación da débeda que ascende a un valor de 5.600.000 pesetas en conceptos fundamentalmente de IBI, do imposto de radicación e de auga e nese sentido o Concello ten tomado medidas ó respecto do Estadio de Pasarón do Pontevedra Club de Fútbol construíndo alí un pozo de barrena para que a acumulación da débeda de auga non continúe, polo tanto nese sentido xa hai medidas tomadas que van corrixir que no futuro aumente a parte máis importante de esa débeda, que concretamente esa cantidade neses conceptos é de 5.600.000 pesetas e que se concretaría ese convenio que afecta ás diferentes institucións públicas, Axencia Tributaria e Seguridade Social tamén igual que ó Concello, con dous supostos en función da categoría deportiva que o club manteña nas vindeiras temporadas, en caso de manterse na actual categoría, segunda división B, a quita sería do 80% cunha espera en pagos trimestrais de seis anos e no caso de ascender a segunda división A ou superiores con diferentes condicións, en caso de segunda división A cun 20% o primeiro ano, un 25% o segundo e un 30% o terceiro e o cuarto ano tería a obriga de facer fronte a toda débeda e, no caso de ascender a primeira división, automaticamente tería que facer fronte a toda a débeda; quere agradecer xa o apoio favorable, porque está convencido de que isto é desexo de toda a Corporación que sexa unha axuda para que o Pontevedra Club de Fútbol, que é un club emblemático a nivel deportivo na cidade, poida superar a súa situación actual e recupera-los éxitos deportivos que noutras épocas tivo.

Seguidamente concédese a palabra ó portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, el cual manifiesta que también agradece al equipo de gobierno que apoye esta quita y espera, de la misma forma que el equipo de gobierno se lo agradece a la Corporación y al grupo socialista, pero quiere decir que a veces el equipo de gobierno tiene poderes de adivino, pues el

29 de agosto el Diario de Pontevedra dice: "Miguel Anxo Fernández Lores asegura que en el próximo Pleno ordinario del día 31 se va a aprobar el tema de la quita", pero supone que el Alcalde lo que quería decir es que sabía perfectamente la buena intención que tienen todos los grupos políticos sobre esta cuestión, que no es una decisión del equipo de gobierno en exclusiva, porque ya hubo una ocasión fallida, aunque siempre el equipo de gobierno estuvo a favor de este procedimiento de quita y espera, pero también los demás grupos, por lo menos el grupo socialista, aunque nunca han podido plasmarlo de una forma oficial porque no ha venido a Pleno, hoy viene al Pleno y se congratula de que haya unanimidad en esta cuestión y por lo tanto su grupo, que está a favor de esta cuestión, también le agradece al equipo de gobierno que apoye lo que el grupo socialista estima que es justo.

A continuación intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, el cual manifiesta que evidentemente va a apoyar este asunto, como ya lo hizo, pero quiere también que quede aquí constancia de que esto no es algo nuevo ni que se haya descubierto ahora, este procedimiento de quita y espera, que confía en que salga adelante este próximo mes, se inicia muy atrás con las primeras conversaciones que mantuvo como Alcalde de esta ciudad ya hace aproximadamente dos o tres años con Hacienda, nace en base a un convenio que firma el club con Hacienda y ese convenio es el que se lleva gestando desde hace más de dos años y gracias a ello espera que finalmente sea esta la solución del Club de fútbol de Pontevedra.

Volve a intervi-lo señor Fontán Bouzas, simplemente para aclarar una cuestión ó respecto da intervención do señor Taboada, que efectivamente na vez anterior houbo un problema de prazos en canto á entrada no rexistro do Concello pois non houbo tempo material para os trámites administrativos de informes pertinente e ademais e non se chegou a concretar ese convenio, senón que se concretou na propia reunión dos acredores e polo tanto, como o señor Taboada acaba de dicir, é pertinente que haxa o convenio para votalo aquí no Pleno, que é quen ten competencias.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Vista a comunicación do Sr. Letrado Asesor do Concello de Pontevedra referida ó persoamento do Concello no procedemento de quita e espera número 183/2000 instado polo Pontevedra Club de Fútbol e a providencia do Sr. Alcalde de data 28 de xullo de 2000 sobre informe do proxecto de convenio proposto pola citada entidade deportiva, co obxecto da participación municipal na xunta de acredores que terá lugar o vindeiro día once de setembro,

Tendo en conta os seguintes ANTECEDENTES DE FEITO:

A Entidade Pontevedra Club de Fútbol (C.I.F. G-36029577),

resulta debedora en período executivo ó Concello de Pontevedra polos conceptos tributarios, importes e detalles que se recollen no certificado de débedas que se inclúe como anexo ó presente informe (documento nº1), importe total do que, excluídos xuros de demora e costas do procedemento recadatorio, ascende a 5.657.913 (cinco millóns seiscentas cincuenta e sete mil novecentas trece) pesetas.

Trátase, polo tanto, de créditos vencidos e non satisfeitos, na medida na que o debedor non fixo efectivas as débedas no transcurso do período voluntario de cobro, iniciándose, de conformidade co disposto no artigo 126 da Lei xeral tributaria, o período executivo, e cumpríndose a continuación co requisito formal da expedición do título executivo para o comezo do procedemento administrativo de constrinximento, isto é, a expedición e notificación ó debedor da providencia de prema.

Con data 17 de xuño de 2000, D. Miguel A. Martínez Cabrera, Procurador dos Tribunais, actuando en nome e representación da entidade Pontevedra Club de Fútbol, presenta escrito perante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número 4 de Pontevedra por medio do que propón a subscripción dun convenio para o pagamento da débeda que a citada entidade mantén cos seus acredores, entre os que figura o Concello de Pontevedra, solicitando o Xulgado a citación dos mesmos para a celebración da Xunta de Acredores no procedemento de quita e espera núm. 183/2000 promovido polo citado Club, que terá lugar o vindeiro día 11 de setembro ás 9,30 horas.

O proxecto de Convenio presentado establece unhas condicións de pagamento entre a totalidade de acredores e a entidade que consiste nunha rebaixa na cantidade adebedada (quita) e nunha moratoria no seu pagamento (espera).

A rebaixa concrétase na formalización dunha quita provisional do 80% do total da débeda contraída, é dicir, unha quita de 4.526.330 (catro millóns cincocentas vinteseis mil trescentas trinta) pesetas, coas particularidades que se indican a continuación:

a) Se durante os oito anos seguintes á sinatura do convenio producírase o ascenso de categoría deportiva do Club a 2ª división A, rehabilitarase a quita efectuada da seguinte maneira:

- Un 20% o primeiro ano que participe na antedita categoría,
- Un 25% no segundo e terceiro anos,
- O 30% restante o cuarto ano.

b) Se no transcurso dos oito anos seguintes á sinatura do convenio o Club chegase a participar en 1ª división de fútbol profesional, rehabilitarase a totalidade da débeda pendente.

En canto á moratoria, esta concrétase nun fraccionamento da cantidade resultante despois da aplicación da quita establecida anteriormente, isto é, 1.131.583 pesetas en prazos trimestrais ó longo dos anos 2001 a 2006, sendo o primeiro o correspondente ó 20 de xullo de 2001.



A contía obxecto do proceso ostenta o carácter de crédito preferente e por isto o Concello de Pontevedra ten o carácter de acredor privilexiado con dereito de abstención. Todo isto sen prexuízo das débedas xeradas despois do inicio do proceso concursal, denominados créditos da masa, e que non son obxecto do proceso, polo que non é preciso solicitar o seu recoñecemento ós órganos do proceso ou á comisión que se creara no convenio que poña fin ó mesmo.

Considerando de aplicación os seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Os artigos 71 da Lei xeral tributaria e 37 do Texto refundido da lei xeral presupostaria, confiren ós créditos tributarios e demais de Dereito público o carácter de privilexiados ó dispor que a Facenda Pública -incluída a Local- gozará de prelación para o seu cobro en canto concorran con acredores que non o sexan de dominio, peñor, hipoteca ou calquera outro dereito real debidamente inscrito no correspondente rexistro con anterioridade á data na que se faga constar no mesmo o dereito da Facenda Pública.

Da mesma maneira pronúnciase o artigo 34 do Regulamento xeral de recadación ó dispor que a Facenda gozará de prelación para o cobro dos créditos vencidos e non satisfeitos, isto é, para a exacción das débedas, liquidadas ou non, que sexan anteriores á data do proceso, entendéndose por data da débeda, de conformidade co disposto na Circular 3/1990, de 25 de xuño, da Secretaría Xeral de Facenda e a Dirección Xeral do Servicio Xurídico do Estado, a data do vencemento do período voluntario de pago ou a do vencemento do prazo de presentación da autoliquidación, no suposto das débedas que se exaccionen a través deste sistema liquidatorio.

Este dereito de prelación xeral só resulta operativo naqueles supostos no que se produce unha concorrencia de acredores, isto é, cando a Facenda Pública participa nun procedemento concursal, onde se produce unha privación voluntaria ou por decisión xudicial do procedemento administrativo de prema, tendo que suxeitarse ó réxime e efectos do proceso xudicial, dentro do que poderá facer valer os seus dereitos.

Nestes supostos, e como consecuencia do dereito de prelación xeral que vimos apuntando, o artigo 129.4 da LXT confire á Facenda Pública o dereito de abstención nos procesos concursales, se ben a faculta para, no seu caso, subscribir acordos ou convenios no curso dos citados procesos.

Así, o artigo 96.7 do RXR, baseándose no disposto no artigo 39 do TRLXP, establece:

"7. A Facenda Pública, a través dos seus representantes legais, poderá subscribir os acordos ou convenios a que se chegue nos procesos concursales seguintes:

a) Acordo de quita e espera, regulado na sección primeira do título XII do libro II da Lei de Axuizamento Civil."

Recoñecido o carácter privilexiado dos créditos públicos polos órganos do proceso poderá seguirse, segundo conveña ós

intereses públicos, algunha das seguintes alternativas:

a) Acordo previo ó convenio sobre condicións particulares de pagamento do crédito, que poderá consistir nun aprazamento da débeda, nunha quita, ou en ámbalas dúas cousas simultaneamente.

b) Subscrición do convenio no seus propios termos cando, valoradas as súas cláusulas e as circunstancias do proceso, se estime beneficioso para a Facenda Pública.

c) Exercicio do dereito e abstención, cando non sexa aconsellable a sinatura do convenio que poña fin ó proceso concursal, e que supón o dereito a cobrar antes que calquera dos acredores ordinarios. Neste caso, solicitarase a quen corresponda (Síndicos, Interventores, Comisión liquidadora ou de seguimento) o pagamento do crédito recoñecido, chegando incluso a dictar acto administrativo de derivación de responsabilidade contra os mesmos, ó abeiro do disposto nos artigos 40.2 da LXT e 11 do RXR.

En canto á competencia para a adhesión ó proxecto de convenio, o cal queda supeditado a súa efectiva aprobación polo órgano xudicial que dictou o Auto declarativo do procedemento de quita e espera núm. 183/2000, é, a teor do artigo 23.1.e) do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, artigo 50.12 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e artigo 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, o Pleno da corporación, por maioría simple dos seus membros, ó non exceder a quita a convir do 10% dos recursos ordinarios do orzamento, de conformidade co artigo 47.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, na súa redacción dada pola lei 11/1999, de 21 de abril.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda adherirse ó proxecto de convenio redactado nos termos descritos para a totalidade dos acredores. De exercitarse esta opción, no texto definitivo do acordo que se adopte, deberíanse introducir cláusulas adicionais relativas tanto ó posible incumprimento pola entidade Pontevedra Club de fútbol de calquera das condicións de pagamento convidadas, establecendo garantías para asegura-lo bo fin do crédito público, como o compromiso expreso da entidade de non convir con calquera outro acredor que non ostente privilexio de carácter legal, condicións de pagamento que sexan máis favorables que as establecidas para o Concello de Pontevedra.

**5.- ESTACIONAMENTOS PÚBLICOS PARA RESIDENTES: MODIFICACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, APROBADOS POLO PLENO DA CORPORACIÓN NA SESIÓN DE 27-05-00, QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA CONCESIÓN DA OBRA PÚBLICA DE CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DE DOUS APARCAMENTOS SUBTERRÁNEOS NO**

**SUBSOLO DA RÚA XENERAL GUTIÉRREZ MELLADO E PRAZA DE ESPAÑA E ALEGACIÓN FORMULADA POR DONA JUANA MARÍA PÉREZ QUEIRUGA DURANTE O PRAZO DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO ANTEPROXECTO DAS OBRAS.**

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio á modificación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares, aprobados polo Pleno da Corporación na sesión de 27-05-00, que rexerán a adxudicación do concurso para concesión da obra pública de construción, xestión e explotación de dous aparcamentos subterráneos no subsolo da rúa Xeneral Gutiérrez Mellado e praza de España e alegación formulada por dona Juana María Pérez Queiruga durante o prazo de información pública do anteproxecto das obras.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que este é un tema que leva xa moito tempo dando voltas, que está a ser tramitado con toda a exquisitez administrativa e con tódalas cautelas para que a obra vaia adiante nas mellores condicións posibles e que resolva un problema, que todos coñecen, que existe en tódalas cidades e concretamente no centro de Pontevedra onde hai moitos edificios sen praza de garaxe pola época da construción, xa que naquel momento non se facían; repite que a tramitación foi absolutamente exquisita, pois lle parece que son os primeiros estacionamentos en Pontevedra nos que se fai antes un estudio xeotécnico para evitar sorpresas, como sucedeu no de detrás da Audiencia en que había rocha, e son os primeiros en que se sacou a exposición pública antes o prego, non concomitante co prazo de presentación das ofertas, e rematada esta exposición pública houbo unha alegación que é fundamentalmente de oportunidade, pois é unha persoa que non lle gusta e fai unha serie de alegacións que se estudaron e ningunha delas ten substancia para ser admitida e houbo tamén unha alegación non presentada por escrito, que recolleu como Tenente Alcalde responsable, que era algo que na maioría dos estacionamentos non se recolle, que é obrigar ás empresas a presentar o proxecto básico e de execución ó concurso, aclarando que o proxecto básico pode custar para estes estacionamentos da orde de 2 millóns de pesetas e o proxecto de execución entre 8 e 10 millóns e os licitantes que non consigan gaña-lo concurso se verían obrigados a facer de entrada un gasto que perderían, o que non ten moito sentido, por iso se presenta esta modificación, que foi á Comisión de Urbanismo o día 18, que se consultou cos servicios xurídicos e técnicos do Concello e non teñen ningún problema e incluso se propón unha modificación tan mínima que volve a estar a exposición pública, neste caso xa concomitante ó mesmo tempo que se abre o período de licitación, por iso di que os trámites foron tranquilos e con tódalas garantías e isto é o que se propón e cre que está o proxecto suficientemente

preparado como para sacalo adiante e espera que con éxito.

Seguidamente intervén don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que coincide co señor Mosquera en considerar que este foi un prego realizado con exquisito rigor e cautela, no que precisamente entraba tamén a solicitude do proxecto de execución porque iso permitía tratar con ese rigor e cautela o tema de Gutiérrez Mellado, que como ben sabe o señor Mosquera é un aparcamento onde as medidas que hai que tomar a nivel constructivo e de seguridade son bastante máis complexas que o que pode haber na praza de España e ademais iso tamén permitía contar cun orzamento moito máis axustado e poder defini-los prezos das prazas públicas de aparcamento, pero tamén é verdade que isto presenta grandes inconvenientes, un deles é que ten unha menor flexibilidade para presentación das empresas e seguramente elimina-lo proxecto de execución pode contribuír a ter máis ofertas e polo tanto máis ideas para poder elaborar e sacar isto adiante, de todas formas pensa que por un lado transcorreron os meses de verán nos que houbo bastantes técnicos de vacacións, tanto técnicos de urbanismo como expertos no tema constructivo e xurídico-administrativos e tamén entende que non basta con cambiar unha verba á hora de executar un prego, pois lle podería ensinar outros pregos anteriores en que é verdade que se pide o proxecto básico nalgúns deles, pero tamén é verdade que como soamente se pide o proxecto básico se insiste en que se intercalen uns puntos que completan ese proxecto básico naqueles temas que os técnicos consideran que poden ter máis problemas e que poden contribuír polo tanto a que as ofertas poidan ser estudiasdas cun máximo de rigor, en base a isto conviría engadir a ese proxecto básico algúns puntos concretos, pensa que especialmente no tema de Gutiérrez Mellado poderían ser estudiasdos cun pouco máis de calma e tendo en conta que parece que por parte do equipo de goberno se pretende convocar nun prazo de quince días un Pleno relativo as obras do Plan Operativo Local, entendía que quizá fora máis xustificado o aprazar este punto no que afecta ó cambio do prego para ese Pleno e desta forma ter quince días para, agora con tódolos técnico ou a maioría deles xa presentes no Concello, poder darlle una última volta antes de sacalo adiante, máis que nada porque ademais, como ben dixo o señor Mosquera, a exposición pública xa sae de inmediato, entón esa é o seu parecer e se non fora así anunciaría a abstención.

A continuación se concede la palabra a don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz del grupo municipal del Partido Popular, el cual manifiesta que, en primer lugar, quiere recordarle al señor Mosquera que el aparcamiento de detrás de la Audiencia tenía estudio geotécnico que se adjuntó al pliego en su momento, o sea que éste no es el primero; en segundo lugar, decir que el Partido Popular se va a abstener en este punto, exactamente igual que lo hizo en el Pleno del mes de

mayo, donde decía que el pliego estaba sin pulir y ve que hoy le dan la razón en uno de los muchos puntos del pliego y espera que no sean más puntos los que haya que modificar y que todo siga su ritmo.

De novo intervén o señor Mosquera Lorenzo, dicíndolle ó señor Pedrosa que efectivamente había un estudio xeotécnico pero non de todo, pois de debaixo da calzada non o había, pero non quería entrar en polémica sobre se se fixo ou non, pero polo propio tipo de estacionamento que é e polas complexidades que ten se fixo con tódalas cautelas; con respecto ó fondo da cuestión, á forza aforcan, pois a modificación do prego necesariamente ten que se aprobar por maioría absoluta, segundo informa Secretaría, de todas maneiras o Secretario titular coñecía perfectamente este asunto e conta co seu aval, pero se fai falta maioría absoluta e non a hai se espera e nada máis.

Intervén novamente o señor Meijón Couselo dicindo que, máis que coa forza aforcan, cre que coa forza a intención é de axudar, prefire a última parte do que dixo o señor Mosquera que a primeira e, por outro lado, o aparcamento da Alameda tamén tiña estudio xeotécnico.

Rematado o debate, o Alcalde retira este asunto da orde do día para que se realice un novo estudio polos técnicos municipais.

#### **6.- OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO: ADXUDICACIÓN DA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO AUTORIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN PARA FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS INCLUIDOS NO ORZAMENTO DO ANO 2000.**

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio á adxudicación da operación de préstamo autorizada polo Pleno da Corporación para financiamento de investimentos incluídos no Orzamento do ano 2000.

Aberto o debate, intervén don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que esta operación de préstamo, como figura na orde do día, é para financia-los investimentos incluídos no orzamento de 2000, que en concreto son o saneamento da ría de Pontevedra, saneamento da Xunqueira de Alba, rede de sumidoiros da parroquia de Alba, alumado público do casco urbano, plan de humanización de barrios, infraestrutura parroquial, tratamento de espacios urbanos e pavimentacións no casco urbano, é un asunto que pasou pola Comisión técnica que por unanimidade fai unha proposta que é a que se trae a Pleno e evidentemente a Comisión técnica aplica os criterios determinados no prego para a súa adxudicación.

Seguidamente intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, para decir que, estudiado el informe de la Comisión técnica por parte de su grupo y viendo el cuadro comparativo y la diversidad de ofertas que se han presentado, coincide con el dictamen de esta Comisión en el sentido de que le parece,

independientemente de que no son homogéneas todas las ofertas que se presentan aquí, la más favorable para los intereses municipales la que se presenta en este informe, por lo tanto va a votar a favor.

A continuación concédese a palabra a don Juan Enrique Magdalena Chan, en representación do grupo municipal do Partido Popular, el cual manifiesta que, aunque se han abstenido en Comisión, van a votar a favor porque nada tiene que ver esta operación de crédito con la aprobación de los Presupuestos, aunque de hecho están vinculadas, la discrepancia en la aprobación de Presupuestos no quita que voten a favor en esta operación, pero quiere significar por parte del grupo popular que aquí se tiende sólo a un criterio que es la banda superior del 7% y desde luego, como se puede observar en las propuestas hechas por las diversas entidades, incluso hay ofertas más ventajosas en cuanto a tipos de interés, pero efectivamente si se ciñen a la banda superior ésta es una de las más favorables, también está otra de otro banco pero tiene otros tipos del interbancario superiores, lo que también quiere decirle al grupo de gobierno es que dando su apoyo a esta operación no se quemara el Ayuntamiento de Pontevedra, como don Raimundo González Carballo en un Pleno de hace un año sacó a relucir por una aprobación de un crédito también de estas características, y sobre todo decirle que los tipos fijos de interés como en estos momentos están al alza y ya ve lo que presupone, con las características de esta operación la firmada en febrero del 92 supondría 5 millones de pesetas anuales más para el Ayuntamiento, entonces el señor González Carballo en aquella fecha ha criticado muy crudamente al equipo de gobierno y en este momento puede ver como el tiempo está dando la razón, porque nadie puede ser adivino y pensar lo que va a ocurrir en el futuro y en economía no hay nada exacto.

De novo intervén o señor González Carballo dicindo que as propostas evidentemente non son homoxéneas, pero o que si hai é no prego de cláusulas administrativas particulares uns criterios que son o menor prezo, a banda de seguridade, a posibilidade de elección por parte do Concello de tres, seis ou doce meses, e a experiencia, entón hai catro criterios a aplicar e consideran tódolos grupos municipais que é a mellor oferta en función deses criterios, aínda que ó mellor nun criterio en concreto podería ser outra; en canto ó pasado, era o último Presuposto dun mandato, entón non se poden saca-las cousas fora de contexto e no prego viña que era a interese variable, etc., pero non quere reproducir unha discusión que xa foi hai tempo e os tipos de interese, como o señor Magdalena ben sabe, evolucionan á alza ou á baixa dependendo dos tempos, entón de igual maneira que foi unha operación boa, se non houbera unha elevación e un enriquecemento da economía ó mellor estaban baixando e era unha operación mala, entón non se pode facer futurismo nestas cuestións pois o que da a razón en todo caso é como va evolucionando a economía, por tanto

esta operación pode ser moi vantaxosa tamén no futuro, incluso máis que esa que se ten asinada, en todo caso tampouco lle vale que diga que agora miraba a dous anos, porque hai que mirar a todo o tempo, pois ó mellor dentro de dez anos é cando se pode avaliar se foi positiva ou non, entón como daquela seguirán estando todos aquí pois xa avaliarán se foi moi positiva ou non, pero hoxe tampouco están en condicións de facelo.

Intervén novamente o señor Magdalena Chan, dicindo que al grupo popular le es suficiente con que el señor González Carballo reconozca que es una buena operación.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado para a adxudicación da operación de préstamo autorizada polo Pleno da Corporación para o financiamento de investimentos do Orzamento do ano 2000, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes

#### FEITOS:

1º.- O Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 23 de maio de 2000 aprobou o prego de condicións administrativas particulares e a apertura do procedemento para a contratación dunha operación de préstamo por importe de catrocentos oitenta e un millóns seiscentas trinta e cinco mil catrocentas sesenta e dúas pesetas (481.635.462), destinada ó financiamento de investimentos incluídos no Orzamento do ano 2000, consonte o contido do prego de condicións administrativas particulares que rexerán o contrato de préstamo, con previa apertura de crédito polo importe de 481.635.462 pesetas.

2º.- Con data 30 de xuño de 2000 polo Sr. Alcalde invítase a 21 entidades financeiras da Capital que constan no expediente co fin de que presentaran ofertas, sinalando as condicións para o concerto da operación de préstamo e achegando a invitación o prego de condicións administrativas particulares, anexo de estipulacións que rexerán o contrato, resumen por capítulos da liquidación do exercicio 1999 e informe de Intervención Xeral que fai referencia a citada operación e a carga financeira.

3º.- Durante o prazo concedido para a presentación de ofertas presentáronse oito ofertas, tal como conste no expediente.

4º.- O día 19 de xullo de 2000 reuniuse a Comisión Técnica designada para a apertura dos sobres A (Documentación) e B (oferta económica) das diversas entidades financeiras que presentaron as súas ofertas, constatando que tódalas ofertas presentadas adecúanse o prego de condicións administrativas particulares aprobado polo Pleno da Corporación, agás a do Banco Español de Crédito que non presenta a documentación técnica esixida, analizando os restantes a diferentes variables económicas que compoñen os criterios de selección e acordándose que se proceda á emisión do correspondente informe

técnico ó obxecto de que posteriormente, previa nova reunión da Comisión Técnica, se eleve proposta ó Pleno da Corporación conforme ó disposto na cláusula 19 do citado prego, previo dictame da comisión informativa de Economía, Facenda e Patrimonio.

5°.- A Comisión Técnica na reunión que tivo lugar o día 28 de xullo de 2000 procede, a vista do cadro comparativo que figura no expediente, elaborado a requirimento da propia Comisión en relación coas ofertas presentadas polas diversas entidades financeiras (Banco Central Hispano, Banco Bilbao Vizcaya, Banco de Crédito Local, Banco Español de Crédito, Caixa de Galicia, Caixa de Pontevedra, La Caixa e Banco de Santander), na que se estima, tendo en conta a diversidade de ofertas presentadas e que as mesmas non son homoxéneas, como oferta máis favorable ós intereses municipais a presentada pola CAIXA GALICIA: -Prazo: 12 anos (incluída carencia); Carencia: 2 anos; Tipo de interese: (Euribor a 3,6,12 meses) + 0,02%; Tipo substitutivo: tipo de rendemento interno no mercado secundario de débeda pública, de prazo entre 2 e 6 anos, sen diferencial; Banda superior: 7%; Comisión de apertura: 0%; Comisión de amortización anticipada: 0%; Período de amortización: trimestres naturais vencidos; Liquidación de intereses: trimestres naturais vencidos; Cota: constante (comprensiva de amortización e intereses), elevando esta proposta ó órgano de contratación para a adopción do pertinente acordo previo dictame da Comisión Informativa de economía, facenda e patrimonio.

6°.- A Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, na reunión que tivo lugar o día 28 de agosto de 2000, dictaminou, por maioría, a proposta da Comisión Técnica sobre a adxudicación da operación de préstamo a favor da entidade financeira CAIXA GALICIA.

Analizados os feitos expostos formúlase proposta de acordo en base ós seguintes

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Que os artigos 158.1 da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, e 35 do Real Decreto 500/1990, dispoñen que é requisito necesario que estes créditos sexan para o financiamento dun gasto específico e determinado que non se poda demorar e para o que non exista crédito.

II.- Segundo o informe emitido por Intervención, a operación de préstamo cumpre os ratios impostos polo artigo 54 da Lei 39/88 na redacción dada pola Lei 50/98 de Medidas Fiscais e Administrativas de Orde Social, referidas ó aforro neto e capital vivo das operacións de créditos vixentes, polo que non resulta necesaria a autorización previa dos órganos competentes citados no artigo 54 da devandita Lei 39/88.

III.- Que o expediente someteuse ós mesmos trámites e requisitos establecidos para a aprobación do Orzamento, segundo establece o artigo 58.2 da Lei 39/88 e que para a adopción do acordo resulta suficiente a maioría simple do Pleno da Corporación.



O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicar á Entidade bancaria CAIXA GALICIA o concerto da operación de préstamo autorizada polo Pleno da Corporación en sesión de 23 de maio de 2000 por importe de catrocentos oitenta e un millóns seiscentas trinta e cinco mil catrocentas sesenta e dúas pesetas (481.635.462), con previa apertura de crédito e con destino ó financiamento de investimentos incluídos no Orzamento do ano 2000, con estricte suxeición á oferta presentada e aceptada e prego de condicións administrativas particulares, que financiarán os seguintes investimentos:

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	CANTIDADE
018.441.61102	Saneamento Ría Pontevedra	85.608.327
018.441.61101	Saneamento Xunqueira de Alba	30.383.684
018.441.61103	Red alcantarillado parroquia de Alba	48.057.797
012.433.61100	Alumbrado Público: Casco urbano	70.000.000
015.432.61100	Plan humanización barrios	80.000.000
015.511.61101	Infraestructura parroquial	70.000.000
013.511.61107	Plan de aceras: Tratamiento espacios urbanos	50.000.000
013.511.61103	Pavimentaciones: casco urbano	47.585.654
	<b>TOTALES.....</b>	<b>481.635.462</b>

SEGUNDO.- Prestar aprobación á precedente operación de préstamo a concertar con CAIXA GALICIA, nos termos fixados na oferta aceptada, facultando á Alcaldía para a formalización do contrato de préstamo, sendo as características da operación autorizada as seguintes:

- Prazo: 12 anos (incluída carencia).
- Carencia: 2 anos.
- Tipo de interese: (Euribor a 3,6,12 meses) + 0,02%.
- Tipo substitutivo: tipo de rendemento interno no mercado secundario de débeda pública, de prazo entre 2 e 6 anos, sen diferencial.
- Banda superior: 7%.
- Comisión de apertura: 0%.
- Comisión de amortización anticipada: 0%.
- Período de amortización: trimestres naturais vencidos.
- Liquidación de intereses: trimestres naturais vencidos.
- Cota: constante (comprensiva de amortización e intereses).

TERCEIRO.- Delegar na Alcaldía as atribucións precisas para resolver cantas incidencias puidera presentar o outorgamento da operación.

**7.- ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO: EXPEDIENTE N° 6/2000 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2000, MEDIANTE CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.**

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio ó expediente n° 6/2000 de modificación de créditos no Orzamento xeral do Concello para o ano 2000, mediante concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que esta modificación de créditos afecta a tres conceptos, as modificacións no Mercado provisional de abastos por importe de 31.145.000 pesetas coa finalidade de mellora-lo funcionamento e os servicios do mesmo introducindo modificacións nos capítulos orzamentarios de estruturas e equipamento, saneamento e fontanería, carpintería, electricidade, incendios e varios, logo hai outro concepto que corresponde á urbanización da avenida Conde de Bugallal por 4.890.000 pesetas, que se basea na diferencia nas medicións das obras, diferencia que no final de obra dá ese valor de máis, e hai un terceiro concepto de menor contía de 280.000 pesetas relativo á necesidade que ten a Escola taller de Monte Porreiro de alugar un edificio para o módulo de carpintería, que como era un concepto que no seu momento non estaba recollido se habilita sen que isto supoña ningún incremento de gasto ó Concello, só unha modificación, pois é unha partida que iría a conta da subvención que recibe a Escola taller; dicir simplemente que os dous primeiro conceptos, que son os fundamentais, foron executados e foi débeda que se xerou no anterior mandato.

A continuación intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, dicindo que su grupo va a manter a posición de abstención que fijó en la Comisión informativa, efectivamente como bien ha informado ya el señor Veiga son tres conceptos, pero los más importantes son la rehabilitación del Mercado central de 31 millones de pesetas y la urbanización de Conde de Bugallal, por lo que respecta a la Escuela taller son 278.000 pesetas que es una cuantía menor, también como ha dicho pertenece al anterior mandato y concretamente al disparatado presupuesto del Mercado provisional, independientemente de que fuera necesario o no, pero en todo caso se ha disparado y corresponde a otro ejercicio, por eso va a votar la abstención.

Intervén seguidamente don Juan Enrique Magdalena Chan, en representación do grupo municipal do Partido Popular, para anunciar su voto favorable, pero con dos matices, el primero que van a ver con lupa todo lo relativo al Mercado porque el señor Veiga acaba de anunciar que ha sido mandado y ordenado por el anterior mandato corporativo y cree que se ha equivocado y el tiempo lo dirá, pero de todas formas votará a favor porque es normal que en partidas presupuestadas haya siempre fallos técnicos y dice técnicos porque los políticos no controlan ni hacen los proyectos de las obras y a la vez también decirle, como segundo matiz, que en la próxima Comisión de Economía les digan a que corresponden estas economías POMAL 99, por si hipoteticamente quedaran fondos sin invertir de los créditos en su día aprobados por la Unión Europea.

Novamente intervén o señor Veiga Lage, manifestando que

non dixo que fora culpa da anterior Corporación, senón que era unha maior contía que provén do anterior mandato, por tanto non fixo acusacións de ningún tipo, simplemente foi algo que este grupo de goberno non mandou facer e que por responsabilidade coa institución asumen, pero non fixo acusación de ningún tipo.

A continuación concédese a palabra a don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que, sobre as economías POMAL, como ben saben cando se solicitara o POMAL había para unha obra un exceso de financiamento por parte do Concello que foi a crédito e despois houbo unha comunicación na que se asumía por parte do POMAL o 70% desa obra, por tanto hai un exceso de financiamento nese crédito que xa esta xerado e é só iso, que se respecta a proporcionalidade incluso nas economías do 70-30 e tiñan un exceso superior ó 30%.

Volve a intervi-lo señor Magdalena Chan, dicindo que haber iniciado las obras del Mercado provisional en el anterior mandato no quiere decir que cuando se concluyeron se pudieron hacer mejoras, por lo tanto el Bloque Nacionalista Galego entró el 3 julio a gobernar y en eso del cambio a mar revuelto ganancia de pescadores, alguien tomó las decisiones, porque desde luego han sido muy bien recibidos allí cuando entraron y por algo será, a eso es a lo que se refiere y en cuanto a lo que dice el señor González Carballo esperan que así sea, esto es lo que interpretan.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente número 6/2000 de modificación de créditos dentro do Orzamento Xeral do Concello de Pontevedra para o ano 2000 por concesión de créditos extraordinario e suplemento de crédito, resultan acreditados os seguintes

#### FEITOS:

Que no expediente que se tramita consta a Memoria-proposta do Sr. Tte. de Alcalde Delegado da Área de xeración e xestión de recursos relativa a necesidade e urxencia de proceder a tramitación e aprobación do expediente de modificación de créditos dentro do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2000, mediante crédito extraordinario e suplemento de crédito por importe total de trinta e dous millóns seiscentas setenta e dúas mil noventa e oito pesetas (32.672.098).

Que consta no expediente o informe de Intervención emitido en sentido favorable a proposta de modificación de créditos.

Tendo en conta que de conformidade co sinalado no artigo 158 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e artigo 37 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, corresponde ó Pleno da Corporación a competencia para a aprobación do expediente de modificación de créditos dentro do Orzamento xeral do Concello de Pontevedra.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de

dezaoito Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 8 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e de conformidade co dictame da Comisión informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda prestar aprobación ó expediente nº 6/2000 de modificación de créditos dentro do Orzamento Xeral do Concello de Pontevedra para o ano 2000, polo que se modifican créditos por importe total de 32.672.098 pesetas correspondendo 31.424.345 a crédito extraordinario e 1.247.753 a suplemento de crédito, dispoñendo que o acordo de aprobación do expediente sexa sometido a información pública polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobada a modificación de créditos de non presentarse reclamacións durante o mencionado prazo.

**8.- RECOÑECIMENTO DE DÉBEDAS: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE DÉBEDAS POR DIVERSAS FACTURAS DE TURISMO, DIETAS DE PERSOAL E CONSUMO DE ENERXÍA ELÉCTRICA NO PARQUE EMPRESARIAL DO CAMPIÑO.**

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio ó recoñecemento extraxudicial de débedas por diversas facturas de turismo, dietas de persoal e consumo de enerxía eléctrica no Parque empresarial do Campiño.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que vai tratar de explica-los conceptos, existe un paquete que teñen que ver coa campaña de turismo do ano 2000, son dúas facturas de Publimix, unha para a reedición de folletos turísticos e outra para carteis de vallas publicitarias e unha factura de Contemporánea Estudio para edición dun folleto sobre promoción de congresos en Pontevedra, unha factura do Grupo Norte e outra da Fundación Semana Verde de Galicia por participar en Turisport 2000, todas estas partidas teñen consignación orzamentaria no orzamento, a tiveron no seu momento no primeiro borrador que se presentou e en tódolos borradores que se manexaron, a única cuestión que hai é que se non se executan en tempo a campaña turística sería imposible de realizar e por iso se fixo, incluso no caso dalgunha factura co orzamento aprobado pero pendente de publicación no BOP e polo tanto non se podía utilizar; logo hai dúas pequenísimas facturas correspondentes a dietas dos axentes de desenvolvemento local, que é un compromiso do Concello coa Consellería de Familia no cal ó concede-la subvención se especifica tamén que os axentes de desenvolvemento local deben asistir a todas aquelas reunións ás que sexan convocados e naquel momento non había orzamento, de aí que veña agora este recoñecemento e logo o que hai son dúas facturas máis con Publimix, que estas proceden do anterior mandato, unha de bolsas de plástico de material turístico e outra do folleto

Paso a paso e un listado de infinidade de facturas con Eléctrica los Molinos por o alumeadado público no Polígono industrial do Campiño, dende o 1-7-97 e ata o 2-1-2000, eses serían tódolos conceptos que obedecen a este recoñecemento extraxudicial.

A continuación intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, para decir que se va a abstener en este punto y, como agora ya está aprobado el Presupuesto, espera que ya no ocurran estas cuestións de recoñecemento extrajudicial por las necesidades que se acaban de explicar, en todo caso el tema de las facturas correspondientes a Eléctrica los Molinos es una cuestión que ya viene en parte de la época anterior y le gustaría saber si el Ayuntamiento en estos momentos es realmente el titular de las instalaciones para hacer el pago de esas facturas.

Seguidamente intervén don Juan Enrique Magdalena Chan, en representación do grupo municipal do Partido Popular, diciendo que su grupo, muy consciente de lo que es gobernar que a veces obliga a los Concejales a tomar decisiones rayando incluso la legalidad, está de acuerdo con lo que acaba de decir el señor Veiga, pues gobernar no es hacer oposición y conscientes de ello anuncia su voto favorable, pero con un matiz, que cuando saquen temas anteriores digan las cantidades, porque por ejemplo en el tema del folleto Paso a paso es cierto que hay una factura de 872.000 pesetas que, aunque aquí dice del mes de octubre del año 1999, debe ser del anterior mandato, pero no es menos cierto que la reedición, que cuesta 3.020.000 pesetas ha sido obra de este equipo de gobierno, por tanto deben matizar las cosas porque hablando tan abstractamente no se entienden bien, pero conscientes de lo que es gobernar entienden que por el bien del Ayuntamiento, por el bien de Pontevedra y por el bien de todos los Concejales, hay que aprobar este recoñecimiento de deudas.

Volve a intervi-lo señor Veiga Lage, para dicirlle ó señor Magdalena que só trataba de explica-los conceptos, non había ningún problema en explica-las cantidades e tamén, cando di que determinadas débedas proceden do anterior mandado o fai sen ningunha acritude, simplemente porque é así, da mesma forma que recoñece as que proceden deste mandato; contestando ó señor Taboada, o día 29 de maio de 1997 se formaliza un convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Pontevedra no que se materializa a cesión do sistema viario, servicios e zonas verdes, nese convenio se recolle que o alumeadado público pasa a ser competencia do Concello e logo con data 30 de maio de 1997 se formaliza en escritura pública ese convenio, é dicir que existe algo que especifica que é competencia do Concello.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinados os expedientes incoados con motivo da

realización dunha serie de actuacións relacionadas co turismo, así como os relativos á liquidación de dietas devengadas polos axentes de emprego e desenvolvemento local contratados por este Concello e os gastos de consumo de enerxía eléctrica correspondentes ó Polígono Industrial "O Campiño", resultan relevantes os seguintes

FEITOS:

1.- No ano 1999 procedeuse á edición e impresión de material de información e difusión turística do municipio - folleto "Paso a Paso" e bolsas de plástico-, que foi realizado sen a existencia do crédito correspondente no presuposto de referido ano.

2.- No ano 2000 convócanse polo Padroado de Turismo "Rías Baixas" unha serie de axudas para a execución de material turístico e de becas para a realización de prácticas de información turísticas, axudas que foron solicitadas por este Concello e que levan aparelladas unha contribución municipal. Non dispoñendo este Concello de material suficiente para ser distribuído nas oficinas municipais de información turística e a conveniencia de proceder á apertura delas no mes de xuño á vista da afluencia de visitantes, levou a que se encargara a execución das publicacións e se abriaran as casetas de información, antes de que se producira a entrada en vigor do Orzamento do ano 2000, que tivo lugar o 29 de xuño, no que se prevían os créditos suficientes para a realización dos correspondentes gastos, non contendo o Orzamento de 1999 créditos para esta finalidade. Os mesmos motivos cabe sinalar para xustificar a non autorización dos gastos con carácter previo a súa realización que levou á participación do Concello na Feira Internacional de Turismo -TURISPORT 2000- celebrada en Silleda do 30 de marzo ó 2 de abril, e a execución dun folleto informativo para difundir os servicios que ofrece o Pazo de Congresos e Exposicións.

3.- Respecto ás liquidacións polo concepto de dietas presentadas polos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local, estas foron devengadas polos desprazamentos a outros Concellos para asistir a reunións convocadas ó efecto pola Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, para o seguimento das súas funcións.

4.- O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o 20 de marzo de 1997 acordou dispoñer a formalización dun Convenio co Instituto Galego da Vivenda a Solo, no que se recollera a cesión ó Concello do aproveitamento da actuación urbanística executada para a creación do Polígono Industrial e Comercial do Campiño, materializado, entre outros, nos servicios urbanísticos interiores e exteriores de alumeadado público, canalizacións e estacións de bombeo de auga. O referido convenio formalizouse o 29 de maio e foi elevado a escritura pública o 30 de maio de 1997. A partir desta data o Concello pasou a ser o titular das referidas instalacións, se ben non procedeu a formalizalo contrato coa empresa Eléctrica Los Molinos, S.L., que viña prestando a subministración de enerxía

eléctrica. No obstante, esta empresa continuou na prestación, polo que presentou as facturas orixinadas polos suministros correspondentes ó período 1/7/97 que vai ata o 2/1/2000, as cales se atopan pendentes de aprobación e pago.

5.- Remitidos a Intervención os expedientes referidos nos apartados anteriores nos que constan as correspondentes facturas, emítese informe de data 21 de agosto de 2000 no que se sinala:

"O importe total dos créditos a recoñecer e que a continuación se relacionan é de 9.383.074,- pesetas, dos que 6.480.577,- pesetas corresponden a gastos realizados no exercicio económico actual pero para os que non existía consignación, e 2.902.497,- pesetas corresponden a gastos efectuados no exercicio anterior.

En virtude do principio de anualidade establecido no artigo 144 da LRFL, o artigo 157.1 de LRFL dispón que: "Con cargo a los créditos del estado de gastos de cada presupuesto solo se podrá contraer obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año natural del propio ejercicio presupuestario", establecendo o artigo 26.2.c do RDO unha excepción a este principio, ó permitir á aplicación dos créditos do Orzamento vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RDO: o recoñecemento extraxudicial de crédito.

Pódese observar que se está introducindo por vía regulamentaria unha vulneración dos principios e coherencia da LRFL, e que non estaba contemplada no apartado 2 do citado artigo 157 contía.

Por outra banda, o artigo 154.5 establece a nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que supoñen a adquisición de compromisos de gasto por contía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

De todo isto parece deducirse unha serie de contradiccións, xa que, si se trata de actos nulos non poden producir efectos fronte á Corporación. Pero, xurisprudencia do Tribunal Supremo ten reiteradamente declarado que son de obrigado cumprimento os compromisos adquiridos con infracción do precepto.

A vista do disposto no artigo 60.2 do RDO o recoñecemento extraxudicial de crédito é un procedemento independente que, ten por efecto a produción dun acto administrativo polo que se recoñece a existencia dunha obrigación de pago por parte do Concello.

Tendo en conta o indicado, e ó abeiro do disposto nos artigos 194, 195, e 196 a 197 da LRFL esta Intervención indica que para a contratación destas subministracións e servicios non se seguiu a normativa aplicable.

Sen prexuízo do anterior, e unha vez acreditada a correspondencia de cada gasto para o Concello e a conformidade cos subministros efectuados e servicios prestados, o Concello

deberá proceder ó seu recoñecemento e pago, co fin de non incorrer en enriquecementos inxustos.

Por conseguinte, a continuación se relacionan os créditos a recoñecer, indicando as partidas do presuposto onde imputalo gasto, e as correspondentes retencións de crédito efectuadas no estado de gastos (ver ANEXO I).

Da conxunción do apartado 2.c) do artigo 26 co artigo 60.2 do RDO se deduce que o recoñecemento extraxudicial de obrigas procedentes de exercicios anteriores é competencia do Pleno da Corporación; sendo tamén competencia do Pleno as correspondentes o mesmo exercicio orzamentario (ano 2000) de acordo co previsto nas Bases de Execución do Orzamento".

Considerando de aplicación os seguintes

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- Os artigos 25 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Regulamento e 80 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia determinan entre as competencias municipais as feiras, o turismo, o subministro de alumeadado público e auga, a promoción social e a participación na formación de activos e desempregados.

II.- O artigo 150,6 da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais, establece que si o iniciarse o exercicio económico non houberse entrado en vigor o orzamento correspondente, se considerará automaticamente prorrogado o do ano anterior, co seus créditos iniciais e ata entrada en vigor de novo. Pero o orzamento do exercicio 1999 non contiña crédito algún para esta finalidade, polo que ou ben había que proceder a súa modificación ou esperar a entrada en vigor do novo, o cal encontrábase en trámite e previa o crédito correspondente para facer fronte o referido gasto. A esto cabe engadir, en relación coas actuacións relacionadas co turismo, que o Padroado de Turismo Rías Baixas outorgou subvencións para o financiamento delas, polo que se procedeu a súa realización, se ben sen respectar o procedemento legalmente establecido, non estando admitida no dereito administrativo á adxudicación verbal tal y como determinan os artigos 56 da Lei 13/95, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas e o 55 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (BOE nº 148, tódolos). Cabe sinalar respecto o abono dos gastos de consumo de enerxía eléctrica devengados no Polígono Industrial e Comercial do Campiño, a vulneración da norma sinalada o non haberse tramitado a contratación dos subministros por este Concello, se ben foi constatado polos servizos técnicos municipais a súa realización.

III.- En tódolos expedientes obsérvase a vulneración do disposto no artigo 165 da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais, no que se establecen as fases a seguir para a realización de gastos e no artigo 154 que prohíbe a adquisición de compromisos de gastos que non dispoñan de créditos autorizados no Presuposto.

IV.- A Orde do 30 de setembro de 1999 pola que se regulan as axudas e subvencións para a contratación de axentes de



emprego e desenvolvemento local no ámbito de colaboración da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude e as entidades locais a través dos programas de cooperación, como instrumento para promover a xeración de emprego no contorno local, establece no artigo 4 que as entidades beneficiarias garantirán a adaptación dos axentes o seus postos de traballo para o correcto desenrolo das súas funcións.

V.- As actuacións contidas nos diferentes expedientes, que foron debidamente conformadas, supoñen un beneficio o Concello e responden o exercicio de competencias municipais, polo que de non aboarse o importe das correspondentes facturas e liquidacións suporía un enriquecemento indebido para esta Administración Municipal, a cal ven obrigada a restablecer o equilibrio económico aboando ós distintos provedores e subministradores así como ao persoal contratado as cantidades devengadas polos traballos executados e gastos ocasionados, non sendo imputable ós mesmos a ausencia dos trámites legais da adxudicación nin autorización dos gastos. Este enriquecemento inxusto ven sendo recollido de forma reiterada pola Xurisprudencia do Tribunal Supremo, que ó configura como un principio do Ordenamento Xurídico, mediante a técnica civilista da causación que supón a existencia dun enriquecemento inxusto co conseguinte empobrecemento do patrimonio de outro suxeito, así como unha relación de causalidade do desprazamento patrimonial, debendo restablecerse o equilibrio económico para evitar o enriquecemento inxustifico do Concello.

VI.- De conformidade co disposto na Base 17 de Execución do Orzamento do ano 2000 é competencia do Pleno da Corporación o recoñecemento extraxudicial de tódalas débedas.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de dezaoito Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 8 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda prestar aprobación as facturas das datas que se indican por importe total de 9.383.074 pts. presentadas polas empresas e o persoal contratado por este Concello correspondentes os conceptos que se relacionan, con recoñecemento extraxudicial das débedas contraídas por este Concello, ordenando o seu pago os mesmos con cargo as partidas que se sinalan do Presuposto de 2000:

Provedor	Nº Factura	Data Factura	Concepto	Importe Ptas	Partida	RC nº
-	-	-	2 Becas Oficinas Turismo (15/06 o 09/07)	81.522	002.751-48100	2000-12928
				81.522		2000-13318
Publimix	00/207	31/07/2000	Reedición do folleto "Paso a Paso" e bloc mapa rueiro	3.020.829	022.751-22602	2000-15917
Grupo Norte	013/2000	10/04/2000	Turisport 2000	580.000	022.751-20200	2000-15836
Fundación Semana Verde de Galicia	372/2000	17/03/2000	Turisport 2000	273.105	022.751-20200	2000-15835

Proveedor	Nº Factura	Data Factura	Concepto	Importe Ptas	Partida	RC nº
Contemporánea Estudio	30	17/07/2000	Folleto CONGRESOS DE PONTEVEDRA	997.600	022.751-22602	2000-15834
Publimix	00/0199	26/07/2000	Carteis vallas publicitarias	1.441.880	022.751-22602	2000-15833
-	-	-	Dietas D. Fco. J. López Sieiro, traslado reunión Vigo-Cursos FIP	2.679	022.121-23001	2000-15832
-	-	-	Dietas D. J. A. Pérez Rivas, ADL, reunión Concello A Lama	1.440	022.121-23001	2000-15831
